

Literatura, paisaxe e toponimia: outra vez Sarmiento*

Literature, landscape and toponymy: Sarmiento once again

Anxo ANGUEIRA

Universidade de Vigo
Departamento de Filoloxía Galega e Latina
angueira@uvigo.es

RESUMO

Desde a Idade Media é moi frecuente na literatura galega o establecemento de estreitos vínculos por parte dos autores (especialmente poetas) con lugares e territorios. Nesta relación é fundamental o topónimo, que funciona como marca de apropiación. Xa na Idade Contemporánea, entre outras mudanzas, obsérvase o intento de utilizar a paisaxe, sempre cos seus topónimos, nunha estratexia xeral de liberación propia das literaturas de nacións subalternas. Quen primeiro iniciou a mencionada estratexia e se axudou da arma dos topónimos na súa apropiación (ría de Pontevedra) foi Martín Sarmiento no seu *Coloquio* (1746). Mentres que Rosalía (Terra de Iria) continúa a liña sarmentista con *Cantares gallegos* (1863), Pondal (Bergantiños) no XIX cos seus *Queixumes dos pinos* (1886) e Uxío Novoneira (O Courel) no XX con *Os eidos* (1955) modulan fortemente a estratexia de apropiación ó crearen as súas respectivas paisaxes fónicas nas que o topónimo volve ser un eixo fundamental.

PALABRAS CHAVE: toponimia, paisaxe, lugar, espazo de resistencia, dignidade cultural, paisaxe fónica, alegoría nacional.

ANGUEIRA, A. (2014): "Literatura, paisaxe e toponimia: outra vez Sarmiento", *Madrygal (Madr.)*, 17: 153-161.

RESUMEN

Desde la Edad Media es muy frecuente en la literatura gallega el establecimiento de estrechos vínculos por parte de los autores (especialmente poetas) con lugares y territorios. En esta relación es fundamental el topónimo, que funciona como marca de apropiación. Ya en la Edad Contemporánea, entre otros cambios, se observa el intento de utilizar el paisaje, siempre con sus topónimos, en una estrategia general de liberación propia de las literaturas de naciones subalternas. Quien primero inició la mencionada estrategia y se ayudó del arma de los topónimos en su apropiación (ría de Pontevedra) fue Martín Sarmiento en su *Coloquio* (1746). Mientras que Rosalía (Tierra de Iria) continúa la línea sarmentista con *Cantares gallegos* (1863), Pondal (Bergantiños) en el XIX con sus *Queixumes dos pinos* (1886) y Uxío Novoneira (O Courel) en el XX con *Os eidos* (1955) modulan fuertemente la estrategia de apropiación al crear sus respectivos paisajes fónicas en las que el topónimo vuelve a ser un eje fundamental.

PALABRAS CLAVE: toponimia, paisaje, lugar, espacio de resistencia, dignidad cultural, paisaje fónico, alegoría nacional.

ANGUEIRA, A. (2014): "Literatura, paisaje y toponimia: otra vez Sarmiento", *Madrygal (Madr.)*, 17: 153-161.

ABSTRACT

Since Middle Ages it is frequent in Galician literature the establishment of close links from authors (especially poets) with places and territories. In this relationship the toponym, that works as appropriation mark, is essential. In fact, in Contemporary Age, among other changes, the attempt of using the landscape, always with its toponyms, in a general strategy of liberation own of the literatures of subaltern nations is observed. Who first started the mentioned strategy and made use of toponyms weapon in its appropriation (sea inlet of Pontevedra) was Martín Sarmiento in his *Coloquio* (1746). While Rosalía (Iria Land) follows the Sarmiento's line with *Cantares gallegos* (1863), Pondal (Bergantiños), in the XIXth century, with his *Queixumes dos pinos* (1886) and Uxío Novoneira (O Courel) in the XXth century, with *Os eidos* (1955) modulate strongly the appropriation strategy when they create their respective phonic landscapes in which toponym is again a fundamental axel.

* Este artigo nace dunha conferencia sobre Toponimia e literatura pronunciada nos Cursos de Verán 2013 da USC dirixidos por Ana Isabel Boullón.

KEY WORDS: toponymy, landscape, place, space of resistance, cultural dignity, phonic landscape, national allegory.

ANGUEIRA, A. (2014): "Literature, landscape and toponymy: Sarmiento once again", *Madrygal (Madr.)*, 17: 153-161

Aínda que a miña primeira reflexión sobre onomástica e literatura procede dunha breve contribución ó Congreso de Onomástica celebrado en Pontevedra sobre *Bretaña, Esmeraldina*, debo recoñecer que quen me permitiu ter unha idea con principios sistémicos aplicábeis á literatura galega contemporánea dentro do campo xa non xeral da onomástica senón en concreto da toponimia foi a análise da poesía de Uxío Novoneyra, dentro do congreso organizado sobre a súa figura pola Real Academia Galega o ano en que esta lle dedicou o Día das Letras Galegas (Angueira 2010).

A propósito do poemario *Os eidos* e Novoneyra (1954), a propósito de Terra e Pobo en Novoneyra, pareceume verificar varias intuicións longamente mantidas a respecto das relacións entre toponimia e literatura no caso do sistema literario galego contemporáneo e mesmo no do medieval. O caso de Novoneyra prestábase porque, desde logo, é un caso senlleiro. Na historia da literatura galega contemporánea probablemente non haxa ningunha vinculación entre un escritor e unha terra tan estreita, íntima e definitiva coma a que Uxío Novoneyra estableceu co Courel, vinculación que proseguiron, fixaron e mesmo agrandaron os lectores e críticos sucesivos. Tanto é así que o Día das Letras Galegas do ano 2009 parece que lles foi dedicado tanto ó poeta de *Os eidos* como á Serra do Courel. Poeta e terra. Os dous foron visitados, estudados e celebrados conxuntamente. Agora ben, o caso de Novoneyra non resulta un caso insólito nas nosas letras nacionais. Outros e outras houbo que coma el se identificaron cunha xeografía, cun territorio. Axiña se nos veñen á mente outros casos coñecidos de estreito vínculo entre escritor (poeta) e terra: Pondal e Bergantiños, Manuel María e Terra Cha, pomos por caso.

O que naquel congreso quixemos expor é que xa non só contemporaneamente, senón que na literatura galega medieval, son moi frecuentes

estes vínculos entre un escritor e unha terra, entre un escritor e un topónimo. Porque se dicimos Novoneyra, estamos para dicir O Courel, se dicimos Martín Códax temos en mentes Vigo. Son vínculos de natureza distinta, pero son o mesmo vínculo: o da apropiación dun territorio, dun nome.

Diciamos entón que trobadores e xograres hai que non se poden xebrar dun espazo xeográfico e cuxo nome figura sempre indisociábel dun lugar, do nome dun lugar, e non porque sexa o do seu nacemento, senón porque é o que eles imprimiron, tatuaron nas súas cántigas, nos seus textos. Así, Xohán de Cangas aparece unido a San Mamede do Mar de Beluso, a Santa María de Reza, Airas Paes; Martín Codax a Vigo, a San Simón, Meendiño, etc. Ás veces mesmo a onomástica do poeta se conxuga con este lugar cantado, así de íntima é a relación. É o caso de Johan Servando, que nunha ducia de cantigas alude ó santuario de San Servando de Barxés en Muíños. E tamén o de Bernal de Bonaval, que anda co seu topónimo na boca por tódalas cantigas. A este tipo de textos Rodrigues Lapa (1981) chámalles cantigas de romaría e considéraas localistas, sobre todo por se afastaren do principal e universal culto xacobeo, dado que Santiago, como "padrón sabido", só aparece nunha cantiga deste tipo. E claro que os trobadores e xograres son localistas. Igual que Novoneyra, igual que moitos e moitas poetas e escritores contemporáneos e dos nosos días. Escritores dunha cidade, dunha aldea, dunha bisbarra, dunha terra. De Auria, de Fisteus, da Costa da Morte, da Limia. Mais non parece que a explicación dun fenómeno que produce certo espanto e que resulta exclusivo da literatura galega de tódolos tempos, claro é que na fase medieval e na contemporánea por camiños distintos, proceda de ningunha inclinación individualista do pobo galaico, como Rodrigues Lapa induce a deducir. Algo hai, algo ten que haber na nosa cultura e na nosa peculiar, tamén única no mundo, ocupación do territorio, que poida explicarnos algún día este pertinaz localismo literario. E efectivamente, poida que na Idade Media o poeta actuase coma un propagandista de determinado santuario, do seu santuario, mais non é menos probábel que, ó se asociar a unha ermida, a un lugar, o poeta faga tamén propaganda de si, da

súa particular voz, para sempre recoñecíbel e identificábel, coma unha sinatura, no nome, no topónimo da cantiga. En moi contados casos o lugar ou a ermida concreta destas cántigas de romaría medran por riba do seu nome. Pero son excepcionalmente extraordinarios. O Vigo de Martín Codax é igrexa, si, pero hai moito máis ó redor: hai sagrado, hai mar e ondas e praia, e mesmo deducidas rúas polas que a amiga, senlleira e sen gardas, vai namorada. Vigo medra por fóra do santuario. E só cunha única cántiga, Meendiño deixou tatuado nas letras galegas, con brillo de fulgores iterativamente tráxicos, non só un nome, un lugar, un espazo: deixounos a illa de San Simón a ser comesta por unha maré con toda a auga do mar maior que endexamais cesará de encher, de medrar, de subir até afoarnos.

Deixamos dito que o noso poeta d'Os *eidos* coñecía, recitaba e amaba a poesía medieval galega, pola que tamén se viu influenciado. Mais de San Simón, da illa de San Simón, ó Courel, á serra do Courel, de Mendiño ou Martín Codax a Novoneyra, da Idade Media á Idade Contemporánea, a apropiación, digámolo así, de lugares, de espazos e territorios por parte dos poetas e escritores localistas, foi mudando na medida en que mudou Galicia como espazo ocupado, como territorio colonizado, e a literatura asumiu, como en tódalas literaturas das nacións subalternas, especialmente aquelas con lingua propia, o proxecto político da súa liberación. Neste proxecto político e literario, que chega ós nosos días, ten unha importancia extraordinaria o territorio, a terra, a paisaxe. E quen marca esa mudanza estrutural no que se refire a espazo e a toponimia que nos sitúa na contemporaneidade é, coma en todo ou case todo, Sarmiento. Velaí a raíz de Pondal e Novoneyra, de Rosalía ou Ferrín.

O concepto de paisaxe, como a propia palabra, é realmente contemporáneo na cultura occidental e resulta unha construción cultural, tamén en literatura e en pintura, que ten as súas fases. A descrición que fai Sarmiento no inicio do seu *Coloquio* (1746 [1995]) responde moi claramente ás descrições habituais e clásicas deste concepto contemporáneo que chamamos *paisaxe*: territorio ó que pode accederse coa vista, desde certa distancia, desde certa altura e

perspectiva. É necesario o territorio, pero tamén é necesaria a ollada distante ou exterior que o faga autónomo fronte ó humano. Velaí a pioneira práctica romántica, pictórica e literaria, fronte á neoclásica. Agora a paisaxe non é un fondo decorativo: é protagonista principal. E é xustamente a mediados do s. XVIII, que se produce unha mudanza, un xiro cultural extraordinario da posición do ser humano fronte á natureza que afectou a mudanza de paradigma nos xardíns (abandono do francés polo inglés, máis próximo á natureza brava e agreste, non sometida da man humana) e á nova vía do coñecemento pragmático asociado ó pracer estético a través do paseo rústico. Sarmiento, pioneiro, está claramente nesta mesma onda ó nos describir desde o alto da Fracha, na Chan da Parafita, a paisaxe da ría de Pontevedra: o mar, as illas, as embarcacións, as vilas da ribeira, as ermidas e mosteiros... Porque Sarmiento escribe o seu *Coloquio* inmediatamente despois da súa viaxe de 1745 a Galicia, ese inmenso paseo rústico, recollendo lingua e botánica, moito anterior, pero cremos que filosófica e culturalmente moi veciño, do realizado polo paseante solitario de Jean-Jacques Rousseau ou polo Werther de Goethe.

Agora ben, cómpre igualmente resaltar outro aspecto da paisaxe: o vínculo establecido entre a súa construción e a construción do pensamento social e político, na medida en que na paisaxe, ademais de se proxectar o *eu* subxectivo, tamén se proxecta a subxectividade do *nós* colectivo cunha tamén importante resonancia. E velaquí que as vinte e cinco copras coas que comeza o texto de Sarmiento e, para nós, coas que entra a paisaxe na literatura galega, teñen efectivamente unha clara función enxalzadora e singularizadora que en última instancia resulta unha función política. Singularizadora porque o ollo de vidro de Marcos da Portela describe un conxunto paisaxístico extremadamente orixinal, tanto que logo foi levado emblematicamente á presenteira do repertorio turístico galego: as Rías Baixas. Si, velaí a Ría de Marín ollada desde a alta e brava Chan da Parafita, onde “corren lebres” pero tamén onde o humano acha recreo e o descanso da merenda (mariscada). Vista do mar bravo das Ons e o quedo de Tambo, mares poboados por naves en singradura ou en fondeo, ribeiras apacibres e sereniñas, como máis de cen

anos despois se dixo, ó lado de cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera (Rosalía de Castro 1863). Illas con nomes, ribeiras inzadas de vilas con nomes, ermidas e mosteiros con nomes, península do Morrazo tamén con nome: a identificación, a singularización da onomástica toponímica, do nome propio de lugar, do nome intraducíbel (citamos pola edición de Mariño Paz).

No chan que en Morrazo
chaman os galegos
chàn de Parafita,
que chega hasta o c[èò],

que està nò camiño
que vay á o Ribeyro
dendes Pontevedra,
a vila do reyno;

a um-hà legoiña,
camiño dereyto,
fay conta q[ue] sigues
o rumbo surlesto;

se sube en relanzo
por todo o vieyro,
sin muita fadiga
nim muito tormento.

Agiña se chega
ao chan que dixemos
e mais e ben ancho
tod' ò seu terrèò.

Ali corren lebres
e cazan coellos
os homes nas festas;
dempois van vendèlos.

De alí, dà quel chan
tan alto en extremo,
se vè toda a vila
cos seus ardeos.

Se vè o mar bravo,
se vè o mar quedo,
de Ons é do Tambo
as ilhas a ó lejos.

Se vèn Portonovo
è, junto S[an] Xenxo,
Marín e Combarro,
Lourido e Campelo.

Se ven ó Castrove
è mais Montecelo,
tamén S[an] Zibran
é mais ó Castelo.

Dò norte està posto
o lindo convento
dos frades de Lerez,
que està nhum outeiro.

Alí donde sempre
van muitos romeiros
ao S[an] Benitiño,
santiño bem feito.

Tamén de aquel chan
se ven, que estan preto,
os olhos dà Ponte
cô Burgo pequeno.

Morrazo, se fora
máis chan seu terrèò,
se vira de frente
casi todo enteiro.

Por fin os navíos
è barcos dos pescos
se ven navegare,
è mais se están quedos.

Os olhos se fartan
con tanto recreò
de terra, de verde
de mar è de ceo.

Velaquí a ría de Marín ou Pontevedra, velaquí o Reino de Galicia que non é *Madril* nin Castela nin España. Pero tamén aparece na descrición da paisaxe unha función enxalzadora, igualmente política. Nesta chan a “xente relouca” e “colle refoigo co vento mareiro”, o pobo de meniñas e homes e vellas escóllea para menda porque, velaquí a clave (copra 16):

Os olhos se fartan
de tanto recreò
de terra, de verde,
de mar è de ceo.

Si, Sarmiento exalta a paisaxe galega porque contesta, como vai facer Rosalía de Castro, porque os ben coñece e os tamén contestou en prosa, os menosprezos literarios contra Galicia –terra e xeografía física– de escritores coma Góngora.

O uso político da paisaxe, neste sentido, foi estudado para nós con acerto por María López Sáñez (2008), aplicándoo especialmente ó caso de Rosalía de Castro (*Cantares gallegos*), ó de Otero Pedrayo (*Arredor de si*) e ó de Méndez

Ferrín (ciclo textual de Tagen Ata). Pois ben, no principio do principio, no “tanto recreo” e especialmente no “verde”, na terra e no mar, volve estar Sarmiento.

O poeta medieval aprópiase dun lugar vinculando a súa propia sinatura a ese nome e, de paso, facendo del propaganda. O poeta contemporáneo, localista, de Sarmiento a Novoneyra, aprópiase dunha terra, dun territorio físico e toponímico, dunha paisaxe coa que é recoñecido na república literaria galega e a través da cal desenvolve a súa poética e as súas estratexias de liberación.

Sarmiento foi o primeiro, pero quen fixo a máis resoante formalización escrita e literaria da oposición Galicia / España a través da paisaxe foi Rosalía de Castro no seu prólogo a *Cantares gallegos* (1863 [2013]). Este texto extraordinario concédelles precisamente á terra e á paisaxe, palabra que ela introduce na nosa lingua, unha importancia decisiva (citamos pola nosa edición):

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e melancónicos anque sempre hermosos como os tan alabados da Suíza, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera..., mares imensos... Que direi mais? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoños campos xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos ñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, que inda os mesmos que poideron contemplar tanta hermosura (xa non falamos dos que se bulran de nós sin que xamais nos haian visto nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias que ofrece, atrevéronse a decir que Galicia era... un cortello inmundo...!!!

Porque non só a lingua e o pobo eran humillados e ofendidos desde a metrópole, tamén o era a terra. Erixese *Cantares gallegos*, e aínda é

moito máis ca iso, nunha colosal contestación ós erros que “manchan e ofenden a miña patria”, cifrados en boa medida no célebre e insultante soneto de Góngora, na liña segura xa desde aquela dun proxecto de dignidade e resistencia. E se o prólogo e boa parte da obra nos poden facer pensar na descrición dunha terra e unha paisaxe próximas do *locus amoenus*, o “Castellanos de Castilla”, posto naturalmente en boca dunha muller —o libro tamén é profundamente feminista—, orienta definitivamente a oposición Galicia / España, da que Castela é metonimia, partindo dunha oposición de terra e paisaxe (a seca, árida, dura, monótona Castela fronte a unha Galicia verde, húmida, vexetal e variada), asociada á do amo fronte ó escravo, nunha oposición lídima e diafanamente política. Instituíu así Rosalía de Castro, no imaxinario de galegos e galegas, nunha oposición que aínda hoxe pervive e que, de xeito estrutural, como ben viu María López Sánchez, o sistema literario foi repetindo e renovando con sucesivas modulacións que atendían o momento histórico, o momento político, en que foron executadas.

Pero tamén en Rosalía, igual ca en Sarmiento, o lugar concreto, a terra determinada, a singular paisaxe, asaltan cos seus nomes a presenteira do texto. Feito o manifesto de independencia que o prólogo de *Cantares* é, aínda ten tempo para, coma Sarmiento, situarse nun lugar elevado, nas Torres de Hermida, e desde alí debuxar cos seus nomes, coma Sarmiento, o que está vendo, a súa Terra de Iria: as brañas de Laiño e as veigas de Lestrove, A Ponte, A Adina, A Arretén, Padrón, San Lois, O Souto, Campaña, Valga... Chove e non chove miudiño na Terra de Iria ollada desde as fiestras do arcaico pazo das Torres de Hermida (Angueira ed. 2013). Loce e non loce o sol *trubado* polas nubes. Todo se molla e se enxuga. O ceo escuro de Caldas tórname azul pola Adina. E entón o ollo comeza a reparar e a recoñecer o universo cos seus nomes e a apuntalos na nova cartografía, a rexistralos como propiedade eterna: vexo O Souto, vexo o Palacio, vexo Valga, vexo San Lois, vexo Padrón, vexo a vela de relinga en dorna coma unha bolboreta cruzando os campos de millo... Todo está aí, a unha banda e mais á outra, sen fronteiras, todo está pasando neste presente en que escribo o que vexo, en que escribo que vexo o que estou vendo.

Pero a paisaxe tamén é política, como sabemos desde o prólogo, e este lugar de encanto, este lugar de perenne maio e suave *core* onde chove e fai sol ó mesmo tempo responde abertamente ó “Pálido sol en cielo encapotado” de Góngora, ós toxos de Góngora, ás covas profundas e ásperos *collados* de Góngora (1978: 274). Por iso tamén Italia, coma no prólogo, e o seu sol. Non o sol abrasador de Castela e mais de España, non: o sol “d’amore” de Italia, o sol de Garibaldi e da súa modélica e exitosa insurrección.

“Terra nai; ai, tamén, nai da nai miña”, e entra entón a outra paisaxe de Rosalía, a das memoriñas cariñosas, edificadas arredor da casa abandonada, símbolo da súa estirpe (a casa, o val, a patria humilde) que despois convertera tamén en topónimos. “Padrón, Padrón... Santa María, Lestrobe... Adios, adios”.

Antes ca Rosalía xa viñera o brigadier berciano Antonio Fernández Morales (1861), facéndolle un monumental canto á Terra do Bierzo occidental, común en parte coa serra do Courel, fundamentado na cultura e mais na lingua, pero sobre todo na dignificación da súa paisaxe, aínda que o toponímico nel ten menos peso. Pero logo veu Pondal. Con Pondal cómpre facer un alto. A terra de Pondal (“terra de Bergantiños / roxa ó arar, nobre e testa”) resulta unha metonimia política, metonimia de liberdade. Na poética tan singular de Pondal a liberdade vai asociada sempre ó duro e forte e nobre, ó esgrevio, ó áspero, ó vagamundo. E ben, prodúcese así en Pondal un salto cualitativo en varias fronteas. Primeiro, Bergantiños, como metonimia da Galicia que quere ser libre, non é un *locus amoenus*, non é lugar de recreo como as vistas sobre a ría de Pontevedra de Sarmiento, nin nela loce o sol amante que loce na Terra de Iria de Rosalía. No Bergantiños de Pondal non hai recreo nin dozura e o sol é un lóstrego negro na nosa testa. Trátase dun espazo bravo e salvaxe, poboado por fauna e flora de gándara, indomesticadas, por espectros do pasado mítico dos dolmens, das antas de antano e dos castros celtas. Iso si, a terra, coma en Sarmiento e Rosalía, tamén é verde, “a verde Terra nosa”. E é que “non somos iberos”. Por outro lado, o topónimo en Pondal ten un valor extraordinario na construción da súa poética. Esa verde terra nosa é de Ousinde e de Froxán

no verso do bo bergantiñán, dous topónimos ou dous heroes míticos. Velaí a xenialidade do poeta. A súa procura do indómito lévaa á toponimia que el cre con grande intuición lingüísticamente brava, do tempo dos castros e dos celtas, e que efectivamente ás veces o é, por prerromana ou por preindoeuropea. Os seus heroes son palabras, son nomes, é a toponimia milenaria que resiste. Pero aínda hai algo máis. Na súa estratexia de construción desta paisaxe política e poética que chamamos Bergantiños, Pondal concédelle ó topónimo, como a outras palabras nominativas, valores expresivos vinculados á física fónica. Queremos dicir con isto que Pondal está construindo unha paisaxe non só orográfica con todas esas connotacións simbólicas. Ó mesmo tempo está construindo unha paisaxe fónica, unha paisaxe sonora que encaixa coa paisaxe brava, coa paisaxe esgrevia, coa paisaxe indómita que el recrea. E nesta creación destouta paisaxe ten un especial protagonismo o topónimo. Trátase da escolla de nomes e topónimos de aparencia e natureza fónica construída a partir de sílabas trabadas, de grupos e concorrencias consonánticas, continuas e complexas marxas silábicas. Quero dicir, todo o contrario do que aprendemos na escola: “mi mamá me mima”. Por iso Ousinde e mais Froxán. Por iso a “Gándara de Xallas”:

Feros corvos de Xallas,
Que vagantes andás;
En salvaxe compañía,
Sin hoxe nin mañan;
¡Quen poidera ser voso compañeiro,
Pol-a gandra longal!

Algo de vago e fero,
Do meu ser no profundo
Eu levo, com’ as brétomas
Dos curutos escuros;
E unha ruda e salvaxe
Incrinacion dos seres vagamundos.

Algo do rudo vento
Q’ azouta o cabo Ougal;
Do salvaxe miñato,
Que leva o vento soán;
E con nobre ufanía,
O esquivo mato registrando vai!

Algo das vagas brétomas,
Algo das uces altas,
Algo dos libres corzos,

E das feras bandadas
 Dos corvos vagamundos,
 Ques' espallan de Xállas pol-as gandras.

A terra, a paisaxe, a liberdade é a gandra de Xallas.

Novoneyra, sendo da corda de Sarmiento e Rosalía, está en moitos aspectos, coma o anterior, na liña de Pondal. Executa Novoneyra en *Os eidos* un canto inagardado. El viña da poesía de todo o mundo, viña de Madrid, do Madrid dos madrigalegos de Borobó, como nos deixou dito Ana Acuña (2014), do Madrid de Sarmiento, de Murguía, Rosalía e Curros, de Otero... Pero non se trata dun regreso ó útero materno, á terra nai, á paz e ben bucólicos da aldea. Non atopa nin busca nin nos dá Novoneyra o “esprito da terra”, *Volksgaist*, como nos di Ramón Piñeiro na súa carta que fai de prólogo, ese esencialismo de caste heideggeriana. Non é saudade, non. E a pouca que había ó final do poemario foi retirada nas seguintes edicións: Ramón Piñeiro extirpado. Non é recuperación nostálgica. Non é fusión mística coa natureza, nin sacralización desta. Nin utopía retrospectiva tampouco é. É apropiación, é resistencia. A nosa terra, a nosa terra. “A miña terra n’ é miña”, chorou o emigrante de Rosalía de Castro. “A nosa terra é nosa”, berrou en pé, alto e forte, Cabanillas. Nonoveyra fai súa a súa terra. E faina no tempo, concepto que tamén na súa carta parecía detestar Ramón Piñeiro. E faina súa e faina país non, faina nación. Nin país nin tampouco paisaxe: terra e pobo. O noso autor non se quere apropiariar nin quere que nós con el nos apropiemos dunha paisaxe, dunha especie de construción cultural intermediada. Novoneyra, como poucos poetas fixeran antes ca el, quere terra, quere o profundo e primixenio, a cousa. E quérea aínda que fronte ás súas dimensións e perfís xigantescos o poeta sexa ínfimo e sexa só. É o canto quen se apropia, é o canto quen resiste, engadimos nós.

Resiste, si. O Courel de *Os eidos* é un espazo de resistencia porque, segundo cremos, o Courel énos presentado en *Os eidos* coma un espazo contra a uniformización, contra o imperialismo, contra a colonización e, se esta palabra existise nos anos cincuenta, contra a globalización imperialista. Porque o Courel representado por Novoneyra actúa como espazo antihexemónico, defensor dunha nova cartografía decididamente

non colonial. Non viña o Courel, naturalmente, en todo o paisaxismo, tamén con topónimos de Unamuno, da xeración do 98 española ou no *Viaje a la Alcarria*, como non viña en *Del Miño al Bidasoa*. Pero o caso é que tampouco existía na cartografía literaria de Galicia. E se a historia da literatura galega é unha historia de descubertas, empezando pola primeira e máis principal, a da propia lingua, Uxío Novoneyra deixounos de entre tódalas descubertas do noso propio espazo, da nosa propia terra, unha das máis sorprendidas e poderosas. Porque tamén na cartografía literaria de Galicia hai, ou había antes de *Os eidos*, un estándar, unha normativa, en canto a terra e paisaxe, polo menos agraria e rural.

Si, ti dis Galicia é ben pequena. Pero é un mundo. E a literatura fóinola descubrindo, continúa descubríndonos novos eixos e coordenadas da súa xeografía física, cultural e lingüística, como despois fixeron, por citar dous compañeiros de xeración, Bernardino Graña co mar que tiñamos diante dos fociños ou Méndez Ferrín, poeta que se iniciou nos espazos fantásticos e que moito despois nos deixou como narrador outro asombro novo para a cartografía galaica: o dos territorios da raia seca de Portugal, os arraianos.

O espazo, o lugar, a terra apropiada para si polo poeta en resistencia. E unha das formas de apropiación é o nome, o nomeamento: “é nomeando e non describindo cando as palabras cumpren a súa potencia”, confesáballo Novoneyra (1998) a Emilio Araújo. É nomear e é calar. Tal é o poder da terra, do Courel como espazo xerador de palabra, de nomes, de lingua. E de silencio. E de silencio.

E a operación primaria que executa Novoneyra é a mesma que executaran Sarmiento desde o alto da Parafita e Rosalía de Castro desde as torres de Hermida en Lestrobe.

Hein d’ir o Pía Páxaro i a Boca do Faro
 deitarme na Campa da Lucenza nun claro.
 Hein d’ir á Devesa da Rogueira i a Donís
 ó Rebolo á Pinza i ó Chao dos Carrís.
 Hein d’ir a Lousada i a Pacios do Señor
 a Santalla a Veiga de Forcas i a Fonlor.
 Hein d’ir ó Cebreiro pasar por Liñares
 rubir ó Iribio a Cervantes i a Ancares
 Hein d’ir a Cido i a Castro de Brío
 baixar i andar pola aurela do río.
 Hein d’ir a Céramo cruzal’o Faro i entón

debrocar pra baixo cara Oéncia e León
Hein d'ir a Vales i a Pena da Airexa
i a un eido solo onde ninguén me vexa.

Nomear, nomear os nomes da terra. Pero esta viaxe inicial pola toponimia é executada en Novoneyra, doutro xeito, dun xeito prospectivo: *Hein d'ir*. Non se trata, pois, da descrición do que se ve desde unha posición privilexiada (A Chan da Parafita ou as Torres de Hermida) ou da enumeración como catálogo de rexistro. O poema anuncia un proxecto, un movemento, un desexo: a entrega ó canto da totalidade ciscada, á posesión “onde ninguén me vexa”. E esa é unha das máis grandes orixinalidades de Novoneyra. Na súa poesía non se describe, o poeta non olla a paisaxe ou a terra. O poeta como nomea e cala, está dentro, está na paisaxe, está na terra. E todo ou case todo é isto, isto que me veí, porque é presente e está diante:

Prados do Río!
Pincheiras a cachón i a fio!
Niste pao sentado
cando viña de nino co gado
facía cintos de xunco trezado.

A toponimia e microtoponimia, non sei se habería que inventar mesmo a nanotoponimia, é característica da nosa cultura que a literatura soubo aproveitar. Agora ben, a estilística do seu uso é moi singular en Novoneyra, poeta moi consciente de que este tipo de nomes nos ligan á memoria de tódolos nosos antepasados. Por iso a veciñanza neste aspecto con Pondal parece bastante evidente ó emprega-lo topónimo con valores expresivos vinculados á física fónica:

Mora o lobo no Fedo
na Lamelalonga nos prados
do Noval su a comba
da pena na Poxa
da Lomba.

Fonosimbolismo, si, como deixou dito Claudio Rodríguez Fer (1980). Mais, falando de terra e de paisaxe, eu creo que a veciñanza entre Pondal e Novoneyra reside no intento de creación por parte destes dous senlleiros poetas, non só dunha paisaxe particular como espazo poético ou literario: os dous están continuamente creando tamén paisaxe fónica singular asociada. Quer decerse, Pondal e Novoneyra, ó tempo que constrúen unha paisaxe física brava e esgrevia e áspera constrúen tamén unha paisaxe fónica brava, de sonorasas cordas, ás veces enigmática:

Van as nebras ó ras da Lucenza,
Alumean os chotos no Chao do Longo,
brillan os vargos no Taro Branco.
Oulan os lobos nos Fócáros.
Laia o apertador no Val Arcón.
Aturula a curuxa na Serelluda.
Oise ó lonxe o ruxir das fontes.

Paisaxe e política, terra e liberdade. Toponimia e literatura. Desde Sarmiento na orixe, Rosalía, Pondal e Novoneyra son tres flexións poéticas nas que penso que podemos rastrexar unha alegoría nacional (Jameson 1986) que perdura e se reedita ata a literatura dos nosos días, en que a toponimia continúa sendo unha teima, paisaxe, un espazo de resistencia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACUÑA, Ana (2014): *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*. Vigo: Xerais.
- ANGUEIRA, ANXO (2010): “Terra e pobo en Novoneyra”, *Boletín da Real Academia Galega* 371, pp. 29-40.
- CASTRO, Rosalía de (2013 [1863]): *Cantares gallegos* (ed. Anxo Angueira). Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ MORALES, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Viuda e Hijos de Miñón.
- GÓNGORA, Luis de (1978³): *Sonetos completos* (ed. Biruté Ciplijauskaitė). Madrid: Castalia.
- JAMESON, Frederic (1986). “Third-World Literature in an Age of Multinational Capitalism”, *Social Text* 15, pp. 65-88 (trad. María Otero Rodríguez, *A Trabe de Ouro* 13, pp. 11-30).

- LÓPEZ SÁNDEZ, María (2008): *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia.
- NOVONEYRA, Uxío (1955): *Os eidos. Terras outas e soias do Caurel*. Vigo: Galaxia.
- (1998): *Os soños teimosos*. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- PONDAL, Eduardo (2001 [1886]): *Queixumes dos pinos* (ed. Manuel Ferreiro). Santiago: Sotelo Blanco.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio (1980): “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”, *Grial*, pp. 148-160.
- RODRIGUES LAPA, M. Rodrigues (1981¹⁰): *Lições de literatura portuguesa: época medieval*. Coimbra: Coimbra Editora.
- SARMIENTO, Martín (1995 [1746]): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (ed. Ramón Mariño Paz). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.